

PARA O TEMPO DE LECER

Na fin de semana seguramente dedicamos pouco tempo ao estudo e moito ao lecer. Iso é xusto o que hai que facer!

Como pasar entón ese tempo de lecer? Aquilo que che guste, desde cociñar a cantar, coser, pintar, bailar e até pasmar, non está mal. Non todo o tempo, pero “pasmarse” algo tampouco é malo. Igual que aburrirse, non pasa nada por estar algo aburrido, ás veces vale para pensar e extraer unha idea nova, diferente e creativa.

Todo o que fagas no tempo de lecer seguro que está ben.

Nós hoxe imos amosarche unhas propostas de música...

Veña, imos alá coas nosas recomendacións:

Na música hai tantos estilos que é difícil facer unha escolla, aínda así atrevémonos e xa nos dirás que che parece:

[Ses](#), María Xosé Silvar, máis coñecida como SES, é unha cantautora nada na Coruña. Do seu último disco “Liberar as arterias” é este [Espiña sen rosa](#).

[Ezetaerre](#), é un grupo da Coruña que fai rap en galego. Está formado polo Garchu, o Pirola e o Petrowski. Este é o seu tema [“Non é verán de Estrella Damm”](#)

Baiuca, é un grupo que mestura música tradicional e electrónica: vangarda con tradición. Este é o seu tema [Olvídame](#) que fan en colaboración con Aliboria.

[Arrhythmia](#) é un banda formada por tres músicos de Lugo. Deles é este tema [Rebeliom do Inframundo \(A Forza da Razón\)](#)

LORA é un grupo musical de Carral que neste [single, ODISEA](#) fan un canto e unha homenaxe ás persoas que traballan para todos nós nesta pandemia.

Se queres as Bibliotecas teñen unha [lista de reprodución](#) que che pode interesar.

Anímate a contarnos que música escoitas e nós terémolo en conta para outra selección.

Se ti, **es máis de ler**, deixámosche aquí, outra vez, o catálogo da plataforma de préstamo dixital das bibliotecas públicas de Galicia [Galicia Le](#) onde podes atopar centos de libros en préstamo. Podes lelos en liña ou descargarlos. Se xa intentaches solicitar un libro na plataforma e non che foi fácil, mira este [tutorial](#) das bibliotecas municipais da Coruña que explica moi claramente como acceder a “Galicia Le”.